

A cabana de Babaiagá



Dirixe e narra: Paula Carballeira

 centro
dramático
galego

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM | instituto galego
das artes escénicas
e musicais

centro dramático galego

**A cabana
de Babaiagá**
dirección: Paula Carballeira

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705-Santiago de Compostela
Tel.: 981 586 681
Fax: 981 581 987
centro.dramatico.galego@xunta.es

Comunicación
IGAEM
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703-Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126 / 128 (ext. 105)
prensa.igaem@xunta.es

A CABANA DE BABAIAGÁ

Sempre houbo, hai e haberá bruxas. A nosa bruxa chámase Babaiajá porque vén da tradición eslava, das frías terras rusas. A nosa bruxa vive nunha cabana coas patas de galiña, ten os dentes de ferro e as unllas de aceiro. E alá onde houbo, hai e haberá unha bruxa, tamén houbo, hai e haberá alguén que pete na porta da súa cabana e que lle diga: “Non che teño medo”. Por iso a nosa historia non fala de bruxas, fala de medos.

Os nosos medos poucas veces teñen corpo, son tan vellos como vella é a humanidade. O medo á morte, ao descoñecido, ao que se agocha na escuridade ou entre as pólas das árbores, o medo a medrar, parten do temor a deixar de ser o que somos, a que algo ou alguén nos empurre a mirarnos nun espello e que non nos guste o que vexamos.

Desde sempre, os contos tradicionais amosan unha maneira de entender o mundo. Están ligados a unha cultura, a un xeito de afrontar a vida. O mesmo pode dicirse da música, das composicións de autores como Mussorgsky, Rimsky-Korsakov, Rachmaninov, Tchaikovsky, Shostacovich, Grechaninoff ou Luov-Companeets. Nas súas pezas descubrimos o ambiente popular, como na *Canción napolitana* de Tchaikovsky, os costumes, como nas *Matrioskas* de Luov-Companeets, e, por suposto, a mitoloxía, como na *Cabana das patas de galiña* de Mussorgsky. Todos eles evocan uns espazos, uns personaxes, unhas accións coas que podemos imaxinar unha historia, un conto novo e vello á vez.

Presentamos *A cabana de Babaiajá*, un proxecto no que a música e a narración oral convidan a saír da nosa vida cotiá, da nosa seguridade, e viaxar na procura do perigo, da aventura, da cabana da bruxa *Babaiajá*, a través das palabras e das pezas dos máis prestixiosos compositores rusos dos séculos XIX e XX. Quen se arrisque a viaxar connosco coñecerá a historia da meniña Natasha e, se cadra, medrará con ela.

Pretendemos que a súa historia sexa a nosa, aínda que veña de Rusia, e que nos demostre que os medos e as inquedanzas non teñen fronteiras.

Porque poida que acabemos coa bruxa, pero o conto nunca estará rematado.

Paula Carballeira
Directora de A cabana de Babaiajá

O ESPECTÁCULO

A cabana de Babaiajá é un espectáculo de música e narración oral, destinado ao público infantil de entre 6 e 11 anos, para o que se adaptou un conto tradicional ruso a partires do que se fía unha serie de pezas dos máis afamados compositores procedentes do leste de Europa.

A historia de Natasha e da bruxa Babaiajá fálanos doutras terras, doutros costumes e de como a valentía e a loita por romper límites e por se introducir no terreo do descoñecido ten a súa recompensa nunha aprendizaxe que nos permite coñecernos un pouco máis a nós mesmos.

O misterio, o humor e a aventura son algúns dos atractivos deste conto, potenciados pola música en directo que recrea unha atmosfera evocadora que intentará levarnos ata a estepa rusa mediante a imaxinación e o poder suxestivo das palabras e das melodías.

Hai, neste conto, contidos transversais importantes na educación dos nosos nenos/as:

- Favorecer a integración de colectivos doutras etnias e culturas na nosa.
- Coñecemento das tradicións doutras culturas, neste caso a rusa, para ser conscientes de que poden enriquecer a nosa.
- Valoración da aprendizaxe como unha experiencia positiva que nos permite enfrontarnos aos obstáculos que imos atopando no noso camiño vital.
- A figura da nena/rapaza como heroína que demostra valor e resolución ao saír da súa casa para enfrontar o descoñecido.
- Destácanse cualidades como a xenerosidade, a perseveranza, a sensibilidade ante os problemas dos outros e a necesidade de transmitir as experiencias propias para que sirvan de modelo aos demais.
- Inclusión da música como arte comunicativa no imaxinario auditivo infantil.

Levarase a cabo, con esta obra, unha **campaña pedagóxica** que se desenvolverá en tres fases:

1. O conto. Paula Carballeira, especialista na narración oral, é unha “maga” capaz de meter aos escolares de primaria no peto para levalos polo mundo da fantasía, acompañada dun grupo de músicos de distintas nacionalidades.
2. Na segunda fase, serán os nenos os que contarán os seus propios contos tanto de creación persoal como tradicionais ou recollidos da tradición oral do seu contorno xeográfico ou afectivo.
3. Farase unha escolma entre os traballos realizados e publicarase unha selección de contos que terá unha importante utilidade a nivel interdisciplinar nos colexios (tanto nas áreas de lingua e literatura, como de coñecemento musical, humanidades e coñecemento do medio).

EQUIPO ARTÍSTICO

Dirección / narración	Paula Carballeira
Músicos	Alfredo Gómez (Galicia) <i>Clarinete</i>
	Alexandre Lugo (Galicia) <i>Viola</i>
	Yuri Sdar (Bielorrusia) <i>Baixo acústico</i>
	Manolo Vázquez (Galicia) <i>Frautas, gaita, xilófono, percusión</i>
	Vadzim Yujnevich (Bielorrusia) <i>Baian</i>
Dirección e coordinación musical	Manolo Vázquez
Axudante de dirección	Chiqui Pereira
Diseño de escenografía e iluminación	Suso Díaz
Diseño de vestuario	Ruth Pereira
Realización da escenografía	Arteficción
Guía didáctica	Nate Borrajo e Pablo Peixe
Diseño gráfico e maquetación	Pablo Otero

FUNCIONES

Ferrol (Centro Cultural Torrente Ballester): 7, 8, 9 e 10 de marzo
Funcións ás 10.00 e ás 12.00 h.

Ribadeo (Auditorio Municipal): 14, 15, 16 e 17 de marzo
Funcións ás 10.30 e ás 12.30 h.

Muros (Casa da Cultura): 21, 22 e 23 de marzo
Funcións ás 10.00 e ás 12.00 horas

Monforte de Lemos (Auditorio Municipal): 28 e 29 de marzo
Funcións ás 10.00 e ás 12.00 h.

Santiago de Compostela (Salón Teatro): Do 5 ao 30 de abril
Funcións de mércores a domingo

▪ **Horarios**

Funcións escolares: mércores, xoves e venres(*), ás 11.00 h.

Funcións familiares: sábado e domingo, ás 18.00 h.

mércores 12, xoves 13 e venres 14 abril, ás 18.00 h.

(* Excepto os días 12, 13 e 14 de abril (vacacións de Semana Santa)

Oleiros (A Fábrica): 2, 3, 4 e 5 de maio
Funcións ás 10.00 e ás 12.00 h.

Viveiro (Teatro Pastor Díaz): 9, 10, 11 e 12 de maio
Funcións ás 10.00 e ás 12.00 h.

PAULA CARBALLEIRA

Contacontos, actriz e autora, Paula Carballeira vén desenvolvendo a meirande parte da súa traxectoria profesional no ámbito do teatro infantil. Nada en Maniños (Fene), estudou Filoloxía Hispánica en Santiago de Compostela, comezando axiña a súa faceta como narradora oral para todos os públicos en bibliotecas, centros de ensinanza, locais nocturnos e teatros.

O seu traballo como actriz está moi vinculado á compañía compostelá Berrobambán Teatro, que comezou a súa andaina en 1995, converténdose en grupo profesional cinco anos despois. Trátase da formación galega con maior experiencia no ámbito do teatro infantil de actores, dentro do que ten levado a escena media ducia de espectáculos: *Diariamente*, *Buh!*, *Dous contos sen final e un final por fin*, *Movementos para trasnos e trastes* e *Historia dun soldado*.

É autora de varios libros de literatura infantil –*A percura*, *Robin e Boa Senté*, *Troulas*, *andainas*, *solpores e unha farsa anónima*, *Olo-iepu-iepu*, *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico*, *Mateo e Paco*–, a meirande pare deles traducidos ao castelán, catalán e euskera. Ten participado, así mesmo, en diferentes programas de Televisión de Galicia e Radio Galega.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Xefa de Produción

Carme Varela

Actividades culturais e educativas

Víctor López Carbajales

Secretaría de Dirección

Manuela Domínguez Amoscótegui

Axudante de Produción

Laura Hevia Solares

Auxiliar de Producción-Dirección

María Casar Díaz

EQUIPO TÉCNICO DO IGAEM

Rexedor

Fran Veiga

Encargado de estrutura escénica

Salvador Forján

Técnico de máquinas

Xesús Rodríguez Arias

Tremoias

Elixio Vieites

Mauro Chao

Eduardo Canedo

Antonio Mayo "Toti"

René Rodríguez-Moldes

Xaquín Rei

Técnico de iluminación

Juanjo Amado

Auxiliar de iluminación

Antonio Constenla

Técnicos de son

Guillermo Vázquez Ríos

Antonio Budiño

Auxiliar de son

Hugo Peñamaría

Auxiliar de imaxe e son

Juan Carlos Pacios Martínez

Encargado de talleres

Pablo Seoane

Xastras

Concha Abad

Cloti Vaello